

## **CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES NA ACTIVIDADE LUDOMEIS VERÁN 2024**

Ante a dificultade que teñen moitas familias para conciliar, o Concello de Meis está a por en marcha a actividade LUDOMEIS VERÁN 2024, como unha medida de conciliación da vida familiar e laboral para o período estival xullo e agosto.

### **PERSOAS DESTINATARIAS:**

Os destinatarios serán nenas e nenos de entre 3 e 12 anos de idade empadroadas/os no Concello de Meis e que os seus proxenitores/titores traballen tanto por conta propia ou allea e acrediten a situación laboral no período solicitado.

Dado a que o número de prazas é limitado e en caso de prazas vacantes nalgunha das quendas, terán prioridade as persoas solicitantes da actividade cumprindo a seguinte orde:

1. Os menores empadroados cuxos proxenitores traballen os dous.
2. Os menores non empadroados cuxos proxenitores traballen no Concello de Meis.
3. Os menores empadroados e que un dos seus proxenitores traballe.
4. Os menores non empadroados e que un dos seus proxenitores traballe no Concello de Meis.
5. Os menores non empadroados e que os dous proxenitores traballen.
6. Os menores que non cumpra os requisitos según orde de entrada de solicitudes presentadas en prazo e tempo. Se houberse máis solicitudes ca prazas coa mesma data de rexistro de entrada, o desempate farase por sorteo.

### **TEMPORALIZACIÓN:**

A actividade desenvolverase de Luns a Venres de 7:30 a 15:00 horas. Entrada de 7:30 a 10:00 e saída a partir das 13:30 horas do 1 de Xullo ata o 30 de Agosto.

### **INSCRICIÓNS E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:**

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán na oficina municipal de información xuvenil do Concello de Meis ou na paxina web do Concello de Meis: [www.meis.gal](http://www.meis.gal).

Xunto co impreso de inscrición deberán achegar a seguinte documentación:

- ✓ Tarxeta sanitaria da/o menor.
- ✓ D.N.I de proxenitores ou titores legais.
- ✓ D.N.I dos menores.
- ✓ Libro de familia.
- ✓ Título de familia numerosa.
- ✓ Certificado de monoparentalidade.
- ✓ Certificado da empresa indicando horario dos meses solicitados e datas das vacacións 2024.
- ✓ Certificado acreditativo de autónomo.



- ✓ Certificado de grao de discapacidade.

### **PRESENTACION E PRAZO**

A presentación realizarase no Rexistro Xeral do Concello de luns a venres horario de oficina ou a través da sede electrónica (<https://meis.sedelectronica.gal>).

O prazo para a presentación de solicitudes vai dende o 20 de maio ata o día 3 de xuño de 2024, ambos os dous incluídos.

### **CRITERIOS DE VALORCIÓN**

A adxudicación das prazas realizarase da seguinte forma:

1. Por adxudicación directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.
2. Seguindo os seguintes criterios, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles:

#### **PUNTUACIÓN:**

1. Por participar máis dun irmá: 1 punto
2. Por solicitar os meses de xullo e agosto: 2 puntos
3. Familia numerosa: 1 punto
4. Familia monoparental acreditativa: 1 punto
5. Discapacidade: 1 punto

Sumaranse todas as puntuacións, e aqueles que obteñan as puntuacións máis altas obterán praza na actividade “Ludomeis verán 2024” por orden de maior a menor puntuación.

No caso de igualdade de puntuacións entre varias solicitudes terase en conta en primeiro lugar que asistan dous ou máis irmáns. E no caso de que persista o empate terase en conta a orde de inscrición da solicitude no Rexistro de entrada.

### **PUBLICACIÓN DAS LISTAS DE ADMITIDOS/ AS**

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase na páxina web do Concello de Meis <https://www.meis.gal/> a relación de persoas admitidas e excluídas.

### **PREZO LUDOMEIS VERÁN:**

<b>Actividade</b>	<b>Prezo persoa</b>
LUDOMEIS VERÁN (prezo xeral)	40,00 €/quincena
LUDOMEIS VERÁN (2 ou máis irmáns)	35,00€/quincena
LUDOMEIS VERÁN (familia numerosa)	30,00€/quincena





CONCELLO  
DE  
MEIS

--	--

- No caso da realización de visitas que contemplan gastos de entradas, éstas serán sufragadas polas familias dos menores participantes.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE ESQUERDA NO DÍA DA DATA

